

Os medos da infancia conforman, sen dúbida, un dos temas recorrentes na literatura destinada para os máis pequenos. Durante décadas, autores e autoras viñeron achegarnos diferentes temores que ameazaban a tranquilidade e o sono feliz das crianzas: a escuridade, a soidade, o home do saco, animais, etc.: medos que adoitan desaparecer cando os que os padecen conseguen enfrontarse a eles e comprobán que esa angustia, ese pesadelo non tiña ningunha razón de ser.

No caso de *Fiz, o coleccionista de medos* –que vén de publicar a editorial pontevedresa OQO Editora–, Fina Casalderrey crea unha historia que foxe desa racionalización do medo, transformando o sentimento de temer nun obxecto material que é susceptible, xa que logo, de ser pechado nun baúl. Así é como Fiz, o protagonista medonhoto desta historia, comeza perder os numerosos medos que perturbaban a súa vida. Toda a súa familia é consciente dos malestares do rapaz, mais grazas a unha frase compasiva da súa avoa, Fiz decidirá, finalmente, coleccionar os seus medos. Mesmo os seus amigos se unirán a esta empresa. Semella unha tarefa irreal, mais a ex-

Experiencia e mestría

Volume evocador

PAULA FERNÁNDEZ

periencia e a mestría demostradas de Fina Casalderrey son quen de converter tal labor en algo verosímil; os lectores non dúbida da posibilidade de apañar o medo a caer polo buraco do váter; é máis, acéptano como algo moi acertado. Aínda así, ademais

desta solución literaria coa que conclúe o volume, propónse nel, igualmente e acertadamente, o emprego do riso para combater os temores; de feito, o gozo que produce semellante cazaría nos protagonistas remata por provocar gargalladas que, co tempo, irán afastando

tanto os medos existentes coma aqueles outros potenciais.

A formación pedagóxica da autora do libro que comentamos queda patente no conto así como tamén a súa capacidade para empregar a linguaxe como un instrumento doado que a achega á infancia, sen artificios innecesarios, directa, por máis que suxestiva, pero tamén debemos destacar a notable capacidade da ilustradora portuguesa, Teresa Lima, quen se amosa capaz de captar e de reflectir plasticamente todos os matices evocados no texto. Co emprego de tonalidades cálidas, que dulcifican o contido e co desequilibrio das proporcións

e que amosan como Fiz se sumía cada vez que un temor se presentaba, Lima converte a ilustración nunha compoñente importante da historia, nunha ferramenta útil tamén para os contadores que a elixan para quen aínda non sabe ler.

Unha conxunción de texto e ilustración, polo tanto, que conforman un fermoso volume evocador dunha morea de sentimentos.

CASALDERREY,
Fina/LIMA, Teresa, *Fiz, o coleccionista de medos*,
OQO Ed., Pontevedra,
2009, PVP 12,90 €

